

DECRETO 44/1988, DO 11 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULAN O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA, OS CONSELLOS ESCOLARES TERRITORIAIS E MUNICIPAIS, EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 3/1986, DO 18 DE DECEMBRO, DE CONSELLOS ESCOLARES DE GALICIA.

(DOG do 11 de marzo de 1988)

A Lei do Parlamento galego 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece no seu preámbulo uns principios e obxectivos claros, que poden resumirse, por unha parte, na presenza creativa de tódolos sectores sociais na política educativa de Galicia para así contribuír a corrixi-las desigualdades socio-culturais, principais causantes do fracaso escolar, e, por outra parte na esixencia de lograr unha maior calidade do ensino, ensino que deberá ser cada día máis eficaz.

Para a consecución destes obxectivos, a Lei dos Consellos Escolares da Comunidade Autónoma de Galicia quedou definida en función do seu obxectivo, consistente en instrumenta-la participación efectiva de tódolos sectores sociais afectados na programación xeral do ensino non universitario no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os Consellos Escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, como órganos colexiados que son, constitúen as canles a través das que debe discorrer e converxe-la vontade dos distintos estamentos e sectores interesados no apoio educativo e cultural dos galegos.

Pero a concorrencia social na programación xeral do ensino non pode quedar limitada á instancia superior do autogoberno, senón que deberá de animar a extenderse ós niveis comarcais e locais, porque é no ámbito da realidade máis próxima ó cidadán onde a urxencia das solucións se fai máis acuciante. Por iso a Lei creou, xunto ó Consello Escolar galego, o ámbito do cal se refire a toda a Comunidade Autónoma galega, Consellos Escolares de ámbito comarcal e zonal (territoriais) e Consellos Escolares Municipais.

Resulta claro, entón, o sentido destes órganos de participación insertos no concello ou na comarca, espazos convivenciais onde os problemas da educación se presentan dunha maneira concreta e por parte duns cidadáns concretos. Deste modo a democratización do ensino engade ó seu carácter formal o contido dos intereses específicos dos sectores sociais directamente afectados.

Procede, polo tanto, para levar ás súas últimas consecuencias o disposto na Lei de

Consellos Escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolver ó mesmo tempo o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares territoriais (comarcais ou zonais) e os Consellos Escolares Municipais.

Para a constitución e funcionamento dos Consellos Escolares territoriais requírese a vontade coincidente de varios Concellos dunha mesma comarca. Con isto procúrase axudar a conforma-la necesaria influencia de esforzos para a solución de problemas comúns e estimular así a comarcalización e a superación do localismo.

Os Consellos Escolares municipais están concebidos como pezas básicas e fundamentais para unha eficaz instrumentalización da participación da comunidade escolar. Así, cos Consellos Escolares municipais procúrase a máis ampla participación social, e sulíñase a representatividade dos protagonistas directos da acción educativa para asegura-la fluidez de comunicación cos Consellos Escolares de centros e acadar, por outra banda, un alto nivel de interlocución co poder municipal.

Por último, cómpre destacar que o marco xurídico no que se inscribe o presente Decreto ten nos artigos 27.5 da Constitución e 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia os seus obrigados referentes, o mesmo que nos artigos 27, 34 e 35 da Lei orgánica do Dereito á Educación.

Por todo isto, e en uso das competencias que lle atribúe ó Goberno de Galicia a disposición derradeira segunda da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do once de febreiro de mil novecentos oitenta e oito,

DISPOÑO:

Artigo 1.

De conformidade co disposto na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, no seu artigo 2, os sectores interesados no ensino non universitario participarán na súa programación xeral a través dos seguintes órganos:

1. Consello Escolar de Galicia.
2. Consellos Escolares territoriais.
3. Consellos Escolares municipais.

CAPITULO I

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Artigo 2.

O Consello Escolar de Galicia é o órgano superior de consulta, de participación dos sectores afectados na programación xeral do ensino e de asesoramento verbo dos proxectos de Lei ou dos regulamentos que fosen propostos ou dictados pola Xunta no ámbito da Comunidade Autónoma.

Artigo 3.

O Consello Escolar de Galicia está constituído:

1. Polo presidente, o vicepresidente, os conselleiros e o secretario do mesmo.
2. Será presidido polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.
3. De entre os seus membros elixirase, por maioría simple de votos e a proposta do presidente, un vicepresidente, que substituirá ó presidente nos casos de vacante ou ausencia, coas súas mesmas funcións e prerrogativas. Será nomeado por Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e tomará posesión do seu cargo perante o presidente.

Artigo 4.

O Consello Escolar de Galicia está integrado por:

1. Oito profesores dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais que, de acordo coa Lei, teñan especial representatividade no sector docente en Galicia.

O número de profesores distribuirase da seguinte forma:

- a) Ensino público: cinco profesores.
- b) Ensino privado: tres profesores.

2. Cinco pais de alumnos propostos polas confederacións ou federacións de asociacións de pais de alumnos, en proporción á súa representatividade.

3. Tres alumnos propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción á súa prerepresentatividade. Para a representación das federacións ou confederacións de asociacións de alumnos, terase en conta o número de representantes destas nos Consellos municipais.

4. Dous representantes do persoal de administración e servizos dos centros docentes do ámbito non universitario, designados polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia.

5. Dous titulares de centros privados, designados polas organizacións empresariais correspondentes en proporción á súa representatividade.

6. Tres representantes propostos polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia.

7. Dous representantes propostos polas organizacións empresariais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas.

8. Tres profesores propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia legalmente recoñecidos e en atención á súa representatividade.

9. Seis representantes da Administración educativa designados polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

10. Cinco vocais en representación dos Consellos Escolares territoriais.

11. Oito representantes da Administración local, propostos polas federacións ou asociacións de concellos.

12. Dous representantes da Universidade propostos polo seu máximo órgano de goberno.

13. Dúas personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostos polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

14. Un representante do Seminario de Estudos Galegos, proposto polo seu órgano de representación.

15. Un representante do Consello da Xuventude de Galicia.

Artigo 5.

A asignación do número de membros do Consello ás organizacións, asociacións ou institucións mencionadas no artigo anterior efectuarase, se é o caso, proporcionalmente á correspondente representatividade, agás disposición en contra.

Artigo 6.

As organizacións, asociacións ou institucións correspondentes a cada grupo de

conselleiros a que se refiere o artigo 4, propoñerán os seus representantes á Consellería de Educación, remitindo a súa proposta con un mes de antelación á data en que o Consello Escolar de Galicia debe constituírse ou renovarse.

Artigo 7.

Os membros do Consello Escolar de Galicia serán nomeados polo Consello da Xunta a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 8.

O secretario do Consello Escolar de Galicia será nomeado polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria entre funcionarios con categoría de xefe de servizo que presten o seu servizo na mesma.

Asistirá ás reunións do Consello Escolar de Galicia con voz e sen voto e extenderá a acta correspondente daquela, co visto e prace do presidente.

Artigo 9.

1. O mandato dos membros do Consello Escolar de Galicia será de catro anos.
2. Os membros do Consello Escolar de Galicia serán renovados por metades cada dous anos en cada un dos grupos de conselleiros a que se refire o artigo 4, de acordo co procedemento establecido nos artigos anteriores. Cando o número de conselleiros sexa impar, na primeira renovación efectuarase da metade máis un, e na seguinte do resto.

Artigo 10.

1. Os membros do Consello Escolar de Galicia que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus colectivos.

2. No caso de producirse algunha vacante no Consello Escolar de Galicia, esta deberá ser cuberta de acordo co previsto no presente Decreto. O novo membro, serao polo tempo que resta para completa-lo mandato.

Artigo 11.

1. Sen prexuício do disposto no artigo 9, os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais deberán ser ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron, no caso de celebración de eleccións para os órganos rectores das mesmas.

2. O período máximo para substituílos será de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ó anuncio dos resultados das eleccións ou de renovación dos órganos rectores

aludidos.

Artigo 12.

1. O Consello Escolar de Galicia funcionará en pleno e en comisión.
2. Aténdose ás normas de funcionamento dos órganos colexiados, o Consello Escolar de Galicia elaborará un regulamento de réxime interno que será aprobado polo pleno e se presentará ó Consello da Xunta para a súa aprobación.

Artigo 13.

1. As Comisións do Consello Escolar serán:

- a) Permanente.
- b) De programación, construción e equipamento.
- c) De financiamento do ensino.
- d) De ordenación do sistema educativo.

2. Serán membros da Comisión Permanente:

- a) O presidente e mailo vicepresidente do Consello Escolar de Galicia.
- b) Os presidentes das comisións, que serán designados polo presidente do Consello.
- c) Un representante dos profesores.
- d) Un representante dos pais.
- e) Un representante dos Consellos Escolares territoriais.
- f) Un representante da Administración local.

O secretario do Consello Escolar de Galicia tamén o será da Comisión Permanente.

3. Serán membros das demais comisións:

- a) O presidente, que será designado polo presidente do Consello.
- b) Un representante dos profesores.
- c) Un representante dos pais.
- d) Un representante dos alumnos.
- e) Un representante dos Consellos Escolares territoriais.
- f) Un representante da Administración local.

Actuará como secretario un funcionario designado para o efecto dos que presten os seus servizos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. Poderanse crear subcomisións para o estudo específico dun asunto determinado.

Artigo 14.

O Consello Escolar de Galicia reunirse, como mínimo, tres veces ó ano, ou sempre

que o solicite a terceira parte dos seus membros. Igualmente, poderá ser convocado polo seu presidente cando o estime oportuno, tendo en conta a índole dos asuntos que se van tratar, e a súa urxencia.

Artigo 15.

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais do ámbito educativo que deban ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposicións e actuacións xerais encamiñadas a mellora-la calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensa-las desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para o financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ó estudio de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

1) Convenios entre Administracións públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formular á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria proposta sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo ou sobre calquera outro concerninte á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente Decreto.

Artigo 16.

O Consello Escolar de Galicia deberá elaborar anualmente un informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia, así como unha memoria das súas actividades, na que se terán en conta os informes dos Consellos Escolares territoriais da Comunidade. O dito

informe e memoria enviaranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria antes de finaliza-lo curso e deberán facerse públicos.

CAPITULO II

CONSELLOS ESCOLARES TERRITORIAIS

Artigo 17.

Os Consellos Escolares territoriais son os órganos de consulta e participación dos sectores afectados pola programación xeral do ensino non universitario dentro do ámbito dos servizos territoriais nos que se estructure a Administración educativa galega de conformidade co que regule a futura Lei de organización territorial de Galicia.

Artigo 18.

Cada un dos Consellos Escolares estará constituído por:

1. O presidente, o vicepresidente, os conselleiros e o secretario.

2. O presidente e vicepresidente serán elixidos de entre os seus membros e nomeados polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e deberán formar parte do Consello Escolar de Galicia.

3. Conselleiros:

a) Dous representantes dos profesores, un do nivel básico e outro do nivel medio, propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais que de conformidade coa lei teñan especial representatividade no sector docente en Galicia.

b) Dous representantes dos pais de alumnos propostos polas confederacións ou federacións de asociacións de pais de alumnos máis representativas, designados polas APAS dos colexios de EXB e outro polas APAS dos centros de Ensino Medio.

c) Dous representantes dos alumnos, un por cada nivel educativo non universitario e propostos polas federacións e confederacións de alumnos máis representativas. Para a representación das federacións ou confederacións de asociacións de alumnos terase en conta o número de representantes destas nos Consellos municipais.

d) Dous representantes do persoal administrativo e de servizos, un polos centros de Ensino Básico e outro polos centros de Ensino Medio, propostos polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas no sector en Galicia.

e) Un representante por cada un dos sindicatos de ensinantes que teñan a consideración de máis representativos no ámbito territorial de referencia.

f) Un representante por cada unha das organizacións empresariais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas no ámbito territorial de referencia.

g) Un representante da Administración educativa designado polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

h) Un representante do Concello de maior censo de poboación do territorio. Os demais Concellos designarán entre eles outro representante.

i) Dous representantes dos centros de ensino non universitario, un por cada nivel (básico e medio), designados polos titulares dos mesmos, a través das organizacións correspondentes, en proporción á súa representatividade.

1) Un representante das asociacións de renovación pedagóxica presentes no territorio.

4. O secretario será designado polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria de entre os funcionarios que presten servizo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 19.

Os membros dos Consellos Escolares territoriais serán nomeados polo Consello da Xunta, logo da consulta ó Consello Escolar da Comunidade Autónoma.

Artigo 20.

1. O mandato dos membros dos Consellos Escolares territoriais será de catro anos.

2. Os membros dos Consellos Escolares territoriais serán renovados por metade cada dous anos en cada un dos grupos de conselleiros a que se refire o artigo 17. Cando o número de conselleiros sexa impar, na primeira renovación efectuarase da metade máis un e na seguinte, do resto.

Artigo 21.

1. Os membros dos Consellos Escolares territoriais que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos colectivos.

2. No caso de producirse algunha vacante nos Consellos Escolares territoriais, esta deberá ser cuberta de acordo co previsto no presente Decreto. O novo membro serao polo tempo que reste para completa-lo mandato.

3. Os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais deberán ser ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron, no caso de celebración de eleccións para os órganos rectores das mesmas.

4. O período para substituílos será de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ó anuncio dos resultados das eleccións ou da renovación dos órganos rectores aludidos.

Artigo 22.

1. Os Consellos Escolares territoriais funcionarán en réxime de pleno e en comisión de traballo.

2. Aténdose ás normas de funcionamento dos órganos colexiados, cada Consello Escolar territorial elaborará un regulamento de réxime interno que será aprobado en pleno e se presentará ó Consello da Xunta para a súa aprobación.

Artigo 23.

Os Consellos Escolares territoriais reuniranse alomenos tres veces ó ano e sempre que o soliciten un tercio dos seus compoñentes, ou cando pola índole dos asuntos que se van tratar, urxencia dos mesmos, etc., o estime oportuno o seu presidente.

Artigo 24.

1. Os Consellos Escolares territoriais serán consultados preceptivamente sobre:

a) A programación relativa á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios do ámbito de actuación respectivo.

b) As normas específicas das construcións escolares, equipamentos ou reformas de ampliación ou melloras de centros dos ámbitos territoriais respectivos.

c) Os servizos educativos e demais prestacións no territorio respectivo relacionado co ensino.

2. No ámbito da súa demarcación, a Administración educativa poderá consultar ós Consellos Escolares territoriais sobre calquera aspecto non previsto nos apartados anteriores.

3. Os Consellos Escolares territoriais poderán formular propostas ás Administracións educativas sobre cuestións relacionadas co ensino, aínda que non figuren expresamente enumeradas no apartado número 1 deste artigo.

Artigo 25.

Os Consellos Escolares territoriais deberán elaborar un informe anual do estado do ensino no seu ámbito, no que se terán en conta os datos dos Consellos Escolares municipais do seu territorio. Este informe deberá ser remitido ó Consello Escolar de Galicia, antes da finalización do segundo trimestre de cada curso escolar.

CAPITULO III CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

Sección 1ª. Composición

Artigo 26.

Os Consellos Escolares municipais son os órganos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Artigo 27.

1. Os Consellos Escolares municipais serán consultados pola Administración educativa e deberán ser consultados tamén polos respectivos Concellos sobre as seguintes cuestións:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellora-lo rendemento educativo e, se é o caso, facer

efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal.

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.

f) Fomento das actividades tendentes a mellora-la calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio.

g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.

h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

i) Na programación de investimentos en materia educativa.

2. O Consello Escolar municipal elaborará, ó finaliza-lo curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación municipal e ó Consello Escolar territorial respectivo, de habelo. No seu defecto, tal informe será remitido ó Consello Escolar de Galicia.

3. O Consello Escolar municipal poderá elevar á Administración educativa ou ó Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

Artigo 28.

Para os efectos de composición do Consello Escolar municipal e elección dos seus membros, os concellos clasificaranse da seguinte forma:

a) Concellos nos que exista un só centro escolar.

b) Concellos nos que existan varios centros escolares e que contén con menos de 25.000 habitantes.

c) Concellos que contén con máis de 25.000 habitantes.

Artigo 29.

1. Nos concellos onde exista un só centro escolar, o Consello Escolar municipal terá a seguinte composición:

1.1. O alcalde ou membro da Corporación en quen delegue, que será o seu presidente.

1.2. Tres profesores do centro, elixidos polos profesores do mesmo. Nos centros nos que o número de profesores en servizo activo sexa de tres ou inferior, serán membros do Consello todos eles.

1.3. Dous pais de alumnos, elixidos polos pais, as nais ou os representantes legais dos alumnos matriculados no centro.

1.4. Un alumno, elixido polos representantes dos alumnos no Consello Escolar do centro.

1.5. Tres membros elixidos de conformidade co que dispoña a Corporación municipal, de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.

2. Para os efectos de composición do Consello Escolar municipal, considerarase que aqueles concellos nos que exista un centro completo e unha ou varias escolas unitarias ou centros docentes de menos de oito unidades, teñen un só centro. Os profesores, pais e alumnos das mesmas exercerán os seus dereitos no tocante á elección de membros dos Consellos Escolares, como se pertencesen ó centro completo.

Artigo 30.

1. Nos concellos de menos de 25.000 habitantes nos que existan varios centros escolares, o Consello Escolar municipal terá a seguinte composición:

1.1. O alcalde ou membro da Corporación en que delegue, que será o presidente.

1.2. Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas, no sector docente:

1.2.1. Cinco do ensino público.

1.2.2. Dous do ensino privado.

1.3. Catro pais de alumnos propostos polas federacións de asociacións de pais de alumnos.

1.4. Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centro existentes no municipio.

1.5. Sete membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación municipal, de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.

2. Se no municipio non houberse centros privados, o número de profesores representantes dese ensino pasará a incrementalo número de representantes do ensino público.

Artigo 31.

1. Nos concellos de máis de 25.000 habitantes o Consello Escolar municipal terá a

seguinte composición:

1.1. O alcalde ou membro da Corporación en que delegue, que será o presidente.

1.2. Dez profesores dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos por sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:

1.2.1. Seis do ensino público.

1.2.2. Catro do ensino privado.

1.3. Seis pais de alumnos propostos pola federación de asociacións de pais de alumnos.

1.4. Catro alumnos elixidos polos representantes dos alumnos en Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.

1.5. Dez membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación municipal, de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.

2. Se no municipio non houberse centros privados, o número de profesores pasará a incrementalo número de representantes do ensino público.

Sección 2ª

Procedemento de elección nos Concellos en que existan só un ou varios centros escolares

Artigo 32.

1. A organización e supervisión do procedemento de eleccións dos membros do Consello Escolar municipal representantes dos alumnos nos concellos ós que fai referencia estará a cargo da Xunta Electoral constituída en cada Concello, a cal estará integrada polo alcalde ou membro da Corporación en que delegue, un profesor, un pai e un alumno a partir do ciclo superior de E.X.B.; designados os tres últimos por sorteo.

2. Respecto ós membros que deben ser elixidos segundo o disposto pola Corporación local terase en conta o que a mesma estableza.

Artigo 33.

Son competencias da Xunta Electoral:

a) Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflexar en todo caso o nome

e apelidos dos electores.

- b) Ordena-lo proceso electoral.
- c) Admitir e proclamar candidaturas.
- d) Promove-la constitución da mesa electoral.
- e) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións da mesa electoral.
- f) Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación

Provincial de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 34.

1. En representación dos alumnos:

1.1. Serán elixibles tódolos alumnos matriculados nos centros a partir do ciclo superior de EXB.

1.2. Serán electores tódolos representantes dos alumnos que formen parte do Consello Escolar dos Centros.

2. En canto ós membros do Consello Escolar que, en cumprimento do artigo 16.1.b.) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro, deben ser elixidos segundo o disposto pola Corporación municipal, terase en conta o establecido pola mesma en canto á condición de electores, sendo elixibles aquelas persoas nas que se dea algunha das condicións enumeradas no precepto citado.

Artigo 35.

1. Os censos electorais conterán a relación daqueles que reúnan os requisitos para ser electores.

2. Cada Xunta Electoral aprobará e publicará un censo de electores dos alumnos que reúnan tal condición.

3. Os censos electorais deberán ser expostos nos taboleiros de anuncios dos centros e do Concello dez días antes, polo menos, da data fixada para o acto electoral, para a súa comprobación e posibles reclamacións, que resolverá a Xunta Electoral municipal.

Artigo 36.

O voto dos electores será directo, secreto e non delegable.

Artigo 37.

1. Poderán ser candidatos a membros do Consello Escolar municipal en representación dos alumnos nos municipios a que fai referencia esta sección aqueles que, ademais das condicións ás que se refire o artigo 34 do presente Decreto, presenten a súa candidatura avalada por unha asociación de alumnos, ou, cando menos, por cinco alumnos que figuren no

censo electoral. Se o número de alumnos que figuren no censo electoral é inferior ou igual a cinco poderán ser candidatos a totalidade dos mesmos.

2. Os candidatos que reúnan as condicións ás que se refire o apartado anterior serán proclamados pola Xunta Electoral, que confeccionará unha lista de candidatos que se expoñerá no taboleiro de anuncios dos centros e no Concello.

Artigo 38

1. Os representantes dos alumnos no Consello Escolar municipal serán elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio, entre os candidatos proclamados pola Xunta Electoral.

2. En cada Consello procederase á constitución dunha mesa electoral nominada pola Xunta Electoral e integrada por un membro da Corporación municipal, designado polo alcalde, e os alumnos que reúnan a condición de electores designados por sorteo entre os que se presenten como candidatos.

3. Cada Mesa Electoral, finalizada a votación, procederá ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez efectuado este, redactará unha acta que asinarán tódolos membros da mesa, na que farán consta-lo número de votos acadados por cada un dos candidatos. Destas actas darase traslado á Xunta Electoral municipal. A mesa encargarse de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.

Artigo 39.

1. Recibida a acta pola Xunta Electoral municipal, esta procederá a dirimir, se é o caso, os empates producidos, seguindo o criterio de que resultará elixido o candidato que posúa maior antigüidade no Concello e, en caso de igualdade, o de maior idade.

2. A Xunta Electoral municipal proclamará os candidatos elixidos, dando traslado da copia da acta recibida ó Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Contra as decisións da Xunta Electoral municipal en canto á proclamación de candidatos poderase recorrer, no prazo de quince días, perante o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución deste recurso poñerá fin á vía administrativa.

REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

Artigo 40.

Conforme ó disposto no artigo 16.2 da Lei 3/1986, a Administración educativa estará representada en cada Consello Escolar municipal polo funcionario que designe o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS:

Primeira.

O Consello Escolar de Galicia deberá constituírse no prazo de catro meses, a contar desde a entrada en vigor do presente Decreto.

Segunda.

As cuestións que se poidan presentar en canto á designación dos conselleiros por razóns de representatividade serán resoltas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mentres non se constitúa o Consello Escolar de Galicia, logo de audiencia e consulta das organizacións interesadas.

Terceira.

Os Consellos Escolares municipais que estean constituídos acomodaranse ó disposto no presente Decreto no prazo de tres meses, desde a entrada en vigor do mesmo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

Primeira.

Con carácter excepcional, ós dous anos da constitución do Consello Escolar de Galicia, cesarán, por sorteo, a metade dos conselleiros de cada grupo a que se refire o artigo 4, a excepción dos do apartado 3 dese mesmo artigo, que cesarán na súa totalidade.

Segunda.

En canto non funcionen as federacións ou asociacións de concellos ás que se refire o artigo 4.11 deste Decreto, a representación que nese apartado lles atribúe ás mesmas

distribuírase da seguinte forma:

- a) Concellos de máis de 100.000 habitantes, dous representantes propostos polo seu máximo órgano de goberno.
- b) Concellos de máis de 20.000, e ata 100.000 habitantes, dous representantes.
- c) Concellos de 10.000 a 20.000, dous representantes.
- d) Concellos de menos de 10.000 habitantes, dous representantes.

Terceira.

Ata a aprobación da Lei de organización territorial de Galicia, o ámbito territorial dos Consellos Escolares territoriais será o provincial.

Cuarta.

O número de representantes dos Consellos Territoriais no Consello Escolar de Galicia redúcese a 4 membros, un por provincia mentres non se promulgue a Lei de organización territorial de Galicia.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.

Este Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario oficial de Galicia.

Segunda.

Autorízase ó Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións oportunas para o desenvolvemento e execución deste Decreto.

Santiago, once de febreiro de mil novecientos oitenta e oito.

FERNANDO IGNACIO GONZÁLEZ LAXE. Presidente.

Francisco Javier Suárez-Vence Santiso.

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.